

Resolución do 18 de febreiro de 2009, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se emprazan as partes interesadas no recurso contencioso-administrativo interposto por Ana María Gutiérrez Molina.

No Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Santiago de Compostela tramítase o recurso 15/2009 (procedemento abreviado), interposto por Ana María Gutiérrez Molina, contra a Resolución do 10 de novembro de 2008, do director xeral da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde, pola que se desestima o recurso de reposición interposto fronte á Resolución do 26 de setembro de 2008, relativa á baremación definitiva da fase de concurso do procedemento de ingreso na categoría de médico de familia de atención primaria.

O que se notifica para xeral coñecemento de todas as persoas interesadas no procedemento, que son emprazadas para que poidan comparecer no xulgado como demandadas no prazo de nove días, de conformidade co previsto no artigo 49 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2009.

Antonio José Fernández Paniagua
Director xeral da División de Recursos Humanos
e Desenvolvemento Profesional

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Anuncio de acordos de inicio de expediente de reintegro de axudas ao estudo.

Ao non poderse levar a cabo a notificación persoal aos interesados, segundo o disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e en aplicación do disposto no mesmo artigo, deben publicarse para os efectos de notificación os acordos de inicio de expedientes de reintegro de axudas ao estudo. Durante o preazo de 10 días, contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio, os interesados terán á súa disposición os expedientes para que de acordo co artigo 84 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, aleguen e presenten os documentos e xustificantes que estimen pertinentes ante a Universidade da Coruña, pavillón de estudantes, Campus de Elviña, 15071 A Coruña. Teléfono: 981 16 70 00, extensión 1186.

Interesados: Veira Fariña, David Antonio.

R/ Federico Tapia, 12-8º esqda., 15004 A Coruña.

NIF: 32839152-M.

Importe: 342,60 euros.

Curso: 2006/2007.

Causa: 2.7.

A Coruña, 19 de febreiro de 2009.

Teresa González Martínez
Xefa da Sección de Bolsas

b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONCELLO DE BECERREÁ

Edicto.

María Carmen López López solicitou desta Alcaldía licenza municipal para proxecto de planta de compostaxe, que se situará no parque empresarial de Becerreá.

Cumprindo o disposto no parágrafo 3, do artigo 8 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por período de vinte días hábiles, co fin de que durante este, que comezará a contarse desde o día seguinte ao da última publicación deste edicto no BOP e no *Diario Oficial de Galicia*, poidan examinar o expediente na Secretaría deste concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se consideren oportunas.

Becerreá, 19 de febreiro de 2009.

O alcalde
Rubricado

CONCELLO DE OLEIROS

Anuncio (expediente FG 558).

O Concello Pleno, en sesión extraordinaria do 6 de febreiro de 2009, acordou aprobar definitivamente o estudo de detalle das parcelas nº 163, 164 e 165 do quinteiro 6 do P.P.5, no porto Santa Cruz-Liáns, facendo constar a remisión da documentación establecida no artigo 92 da Lei 9/2002, á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, con data do 16 de febreiro de 2009.

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo diante do xulgado ou sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 8, 9 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses.